

RESUMO DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN/TITULACIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO 2023/2024

OUTUBRO 2024

Ao aveiro da **Orde do 25 de xaneiro de 2022**, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de **Educación Primaria, de Educación Secundaria e de Bacharelato no Sistema Educativo Galego**, é preciso concretar como se vai desenvolver a avaliación final na ESO e no Bacharelato no IES Castro Aobre na materia de Inglés.

1. Criterios de avaliación xerais

Na avaliación teremos en conta o grado de dominio das competencias correspondentes á Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. Como sinala a lexislación, esta avaliación está integrada coa avaliación dos contidos.

No proceso de avaliación teranse en conta as *catro destrezas da lingua: expresión oral, comprensión oral, comprensión escrita e expresión escrita*.

A avaliación da capacidade dos alumnos para comunicarse oralmente farase atendendo á comprensión das mensaxes polos compañeiros e polo profesor. É importante avaliar ante todo a capacidade de transmisión, aínda que tamén se terá en conta a maior ou menor corrección formal. A avaliación da destreza de comprensión oral farase atendendo á capacidade dos alumnos para extraer a idea principal e datos específicos nas actividades de “listening”. Avaliaremos a capacidade dos alumnos para extraer información global e específica de textos mediante actividades de “reading”. Veremos como os alumnos redactan textos escritos sinxelos expresando intencións comunicativas. Actividades útiles para isto son “writing essays” e “projects”.

Haberá total transparencia no proceso avaliador: informarase ao alumnado dos obxectivos, dos criterios de avaliación e cualificación, dos mínimos esixibles, do dereito a acceder ás probas cualificadas e a reclamar unha cualificación final.

Así mesmo, as probas de avaliación, sexa cal sexa a súa natureza metodolóxica, serán sempre adaptadas segundo necesidades particulares do alumnado segundo a lexislación vixente:

ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

2. Criterios de cualificación

2.1. ESO e 1º Bacharelato

Os criterios xerais, tanto para a ESO coma para o 1º de Bacharelato, para acadar unha nota entre 1 (0 en 1º de Bacharelato) e 10 en cada trimestre serán os seguintes:

1. Haberá, como mínimo, unha proba de cada destreza comunicativa por trimestre.
2. Farase tamén, polo menos, unha proba de contidos específicos (vocabulario e gramática) que englobe todo o visto ata a data de dita proba no curso académico.
3. Teranse tamén en conta unha nota correspondente á lectura graduada, pero tan só nos dous primeiros trimestres.
4. E, por último, farase un seguimento diario do interese e o traballo regular do alumno no desenvolvemento tanto na aula coma na casa. Estes datos deben estar rexistrados polo docente de maneira regular.

As porcentaxes parciais (das distintas destrezas ou requirimentos avaliábeis) e totais para todos os niveis e grupos comprendidos entre 1º ESO e 1º Bacharelato, incluídos os PDC de 3º e 4º, serán as seguintes para o curso académico 2023-2024:

1º ESO – 1º BAC					
DESTREZAS				CONTIDOS	OUTROS
COMPRESIÓN LECTORA	COMPRESIÓN ORAL	EXPRESIÓN ESCRITA	EXPRESIÓN ORAL	30%	10%
15%	15%	15%	15%		
60%					

Baixo “*Outros criterios*”, o profesorado cualificará: traballo na clase, traballo na casa, libro de exercicios (de ser usado), caderno de clase, proxectos...). O docente terá rexistro destes datos.

2.2. 2º Bacharelato

Os criterios xerais para acadar unha nota entre 0 e 10 en cada trimestre serán os seguintes:

Cada trimestre realizarase, como mínimo:

1. Unha proba específica similar ao exame de Selectividade. As preguntas terán o valor que se especifique e puntuaranse de acordo cos criterios da CIUG:
 - a) Sempre que exista unha comprensión total do texto, así como unha expresión gramatical correcta, a puntuación será máxima cando o alumno aporte elementos expresivos persoais.
 - b) Se non houbera ningunha comprensión, a pregunta non pode ter ningún tipo de cualificación positiva.
 - c) A puntuación verase reducida coa gravidade da falta de comprensión, os erros gramaticais, de léxico e ortográficos.

- d) Nas redaccións penalizaranse os erros gramaticais, de léxico e ortográficos, pero valorarase positivamente a riqueza léxica, variedade sintáctica, uso de enlaces, claridade do texto, organización das ideas e estruturación do tema.
- Haberá, alomenos, unha proba obxectiva por trimestre de gramática e vocabulario sobre os contidos do libro de texto traballados ata data de dita proba.
 - Realizarase traballo e, como mínimo, unha proba de comprensión oral por trimestre, que segue sen formar parte das probas de avaliación final ABAU e polo tanto non integramos na proba dese tipo.
 - Realizarase tamén traballo e avaliación da produción oral do alumnado, aínda que non existan probas de dito tipo no ABAU, xa que forma parte importante e inescusable do noso currículo de linguas estranxeiras.
 - E, por último, farase un seguimento diario do interese e o traballo regular do alumno no desenvolvemento tanto na aula coma na casa. Estes datos deben estar rexistrados polo docente de maneira regular.

As porcentaxes que se aplicarán para cualificar a materia serán as seguintes:

2º BAC						
CONTIDOS	ABAU			COMPRENSIÓN ORAL	EXPRESIÓN ORAL	OUTROS
	COMPRENSIÓN ESCRITA	CONTIDOS	EXPRESIÓN ESCRITA			
	15%	10%	15%			
30%	40%			10%	10%	10%

Baixo “*Outros criterios*”, o profesorado cualificará: traballo na clase, traballo na casa, libro de exercicios (de ser usado), caderno de clase, proxectos...). O docente terá rexistro destes datos.

2.3. Criterios de cualificación para a nota final do curso

A nota final do curso para todos os cursos e grupos, ata un máximo de 10 e como mínimo de 1 no caso da ESO ou de 0 no Bacharelato, será calculada segundo a seguinte ponderación:

TRIMESTRE	1º	2º	3º	TOTAL
PONDERACIÓN	20%	30%	50%	100%

A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5. Todas as cualificacións redondearanse a partires de 0,5.

2.4. Criterios de recuperación das materias suspensas no presente curso

Na ESO e en 1º de Bacharelato, logo das tres avaliacións trimestrais (a 3ª terminará a efectos prácticos arredor do 10 de xuño neste nivel educativo) e con anterioridade á avaliación ordinaria do 24 de xuño de 2024, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final obxectiva de comprensión oral e escrita, produción escrita, e unha proba obxectiva sobre plurilingüismo e reflexión sobre a aprendizaxe; ou a través de tarefas específicas a criterio do departamento tendo en conta a diversidade do alumnado. A

cualificación de dita proba conformarase coa seguinte ponderación de varios (non todos) obxectivos comunicativos contemplados na nova lei para a ensinanza da 1ª Lingua Estranxeira:

CONTIDOS	COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN AUDITIVA	EXPRESIÓN ESCRITA
60%	20%	20%	20%

En 2º de Bacharelato, logo das tres avaliacións trimestrais, que rematarán arredor do 16 de maio de 2024, o alumnado suspenso terá dereito a unha avaliación extraordinaria entre o 19 e o 21 de xuño de 2024, o alumnado que non obteña unha cualificación positiva terá a oportunidade de recuperar a materia realizando unha proba final obxectiva que unicamente será unha proba ABAU íntegra.

2.5. Criterios de cualificación nas probas obxectivas de pendentes

O alumnado de 1º a 3º da ESO ou de 1º de Bacharelato con algunha materia pendente deberá seguir un Protocolo de Recuperación que será coordinado polo Xefe de Departamento para garantir a uniformidade de requisitos e criterios, mais titorizado pola persoa docente no grupo ao que pertence o/a alumno/a. Dito programa contempla 2 formas de superar esa asignatura:

1. Durante os dous primeiros trimestres do curso no que se está matriculado, o alumnado que supere a materia do curso presente, automaticamente terá superada a materia pendente do curso en cuestión.
2. Durante o curso escolar presente, o alumnado con algunha materia pendente realizará boletíns de práctica e reforzo nos que se traballen contidos lingüísticos e as distintas destrezas comunicativas a nivel do curso pendente de aprobar. Ditos boletíns suporán unha cualificación adicional de ata 1 punto extra sobre a nota dunha proba final obxectiva a realizar en maio/xuño. Dita proba final obxectiva será creada polo Xefe de Departamento cos seguintes criterios de cualificación:

CONTIDOS	COMPRESIÓN ESCRITA	COMPRESIÓN AUDITIVA	EXPRESIÓN ESCRITA
60%	20%	20%	20%

3. Criterios de promoción e/ou titulación

Os criterios de promoción teñen unha conexión moi estreita cos contidos mínimos esixibles, de xeito que a promoción do alumno ao curso, ciclo ou etapa superior dependerá de se os mínimos foron superados cunha cualificación positiva, ben sexa a través de procedementos estándar ao longo do curso, ou en probas obxectivas finais de recuperación. En ningún case se permitirá a realización de probas finais obxectivas co gallo de mellorar a media académica.

En xeral, a nota final do curso, logo de aplicar as porcentaxes parciais de trimestre e/ou curso, deberá ser superior a 4,5 para rexistrar unha avaliación final positiva. Así mesmo, as medias en números enteiros serán redondeadas á alza sempre que se superen as cinco décimas (a partir de 0,5).